



Concello de Boiro

EXPEDIENTE: 6517/2021

Tipo procedemento: Selección de Persoal.

Denominación: Resolución corrección de erros relación admitidos AUXILIAR POLICÍA LOCAL

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por resolución de 19/05/2022 resolveuse declarar a relación definitiva de incluídos dos candidatos presentados no proceso selectivo para a selección de auxiliar de policía local ó abeiro das bases de selección aprobadas con data 12/04/2022.

Con posterioridade á sinatura desta Resolución, advírtese polo departamento de persoal que dende o rexistro xeral non foi incluída a solicitude presentada a través do SIR pola candidata D^a Xeila Álvarez Gómez para tomar parte neste proceso selectivo.

Procede, en base á presentación desta solicitude en tempo e forma, subsana-lo erro padecido no decreto de data de 19/05/2022, n.º 2022-0517, coa finalidade de adaptalo ós datos correctos.

Segundo o artigo art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Logo de revisada a solicitude de participación e comprobados os requisitos esixidos nas bases desta convocatoria, procede modificar e incluír a esta candidata na relación de persoas admitidas e excluídas.

En base ó anteriormente exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Modificar a listaxe ca relación definitiva de persoas candidatas presentadas no proceso de selección para auxiliares de policía local que constan no decreto nº 2022/0517 de data de 19/05/2022 e, en consecuencia, incluír a D^a Xeila Álvarez Gómez con NIF 45141542V neste proceso selectivo.

Segundo.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web www.boiro.gal, esta rectificación da listaxe de admitidos.

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución ó servizo municipal de Xestión de Persoal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este realice.

Boiro, na data que figura ó marxe, na sinatura dixital.

O alcalde do Concello de Boiro.

O secretario do Concello de Boiro.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 5DWTKM4QW2LSYX3J4WTDRLMS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1